



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 2 LECTURA FÁCIL

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos son totalmente confidenciais. Empregaranse só para usos estatísticos.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións do exame antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2021210401

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-A-21-LF

Proba A1

Un curmán teu acaba de rematar a ESO.

O teu curmán quere estudar formación profesional pero non sabe que especialidade escoller.

Pídeche consello.

Despois de ver este vídeo, escríbelle un **correo electrónico**.

Nese correo, de **160 a 200 palabras**, tes que:

- Saudar o teu curmán e contarlle o que opinas sobre a formación profesional.
- Contarlle con detalle o que pode aprender se se matricula no ciclo de FP de auxiliar de enfermería.
- Informalo sobre as distintas saídas profesionais dos estudos de auxiliar de enfermería de FP.
- Explicar por que escoller este ciclo de FP é unha boa opción.
- Despedirte do teu curmán.



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Ti formas parte da asociación cultural do teu barrio.

Unha asociación cultural é un grupo de persoas que organizan actividades como por exemplo cursos de lingua, de cociña, de danza, de teatro, de fotografía...

Unha das actividades da asociación consiste en intercambiar cartas con estudantes de galego que viven no estranxeiro.

Primeiro escribimos nós e logo contestan os estudantes estranxeiros.

Despois de ler o seguinte artigo, debes **escribirlle unha carta** a un estudante.

Na carta de **160 a 200 palabras** tes que:

- Saudalo e preguntarlle como lle van os estudos de galego.
- Contar quen son e que fan as percebeiras.
- Explicar por que é importante o seu traballo.
- Comentar cales son os principais problemas que poden ter no traballo e tamén na saúde.
- Opinar sobre como se organizan as mulleres e os homes para traballar e coidar da familia.
- Despedirte do estudante.



Foto: Ana García. *La Voz de Galicia*

O valor das percebeiras: «Arriscamos a vida, pero no mar somos libres»

As percebeiras galegas si son auténticas «influencers»
(persoas que poden influír na opinión doutras persoas)

Mulleres valentes e fortes, que van «apañar o marisco» e
tamén coidan da súa familia.

Mulleres que dan unha lección en cada frase e que poñen en
perigo a súa vida todos os días.



Quen son?



Se tedes a sorte o próximo Nadal
de levar un percebe á boca,
lembrádevos destas mulleres:

Rosi, Pilar, Mari, Lucía e Isabel.


Elas poñen en perigo a súa vida
para que outros disfruten dese
pequeno pracer de comer percebes.



Pero ningunha se pon medallas nin quere presumir.

Só hai que velas baixarse do coche, co traxe de neopreno posto, dispostas a mostrarnos como é o seu traballo.

Onde viven e traballan?



Quedamos con elas no faro do Roncudo, en Corme, pero Isabel, Lucía e Pilar son de Malpica, na Costa da Morte, na provincia da Coruña.

Como son?



Andar detrás delas polas rochas é practicamente imposible porque son moi áxiles. Aínda que teñen máis de 50 anos, ninguén pode seguirilles o ritmo.

Como van vestidas?



«Nós agora vimos con botas, con roupa de traballo, protexidas co neopreno.

As nosas avoas apañaban os percebeos con saia e alpargatas», contan con orgullo para mostrar que neste traballo de homes sempre houbo mulleres.

Son as últimas percebeiras?


O oficio de percebeiro transmitiuse de pais ou nais a fillos ou fillas.

Estas percebeiras recoñecen que agora é complicado encontrar rapazas que queiran apañar percebe.

—Sodes vós as últimas percebeiras?, —pregúntalles a xornalista.

—Algunha hai nova, pero cada vez menos, —responden.

Problemas no seu traballo



O peor das percebeiras é traballar con tanta humidade e frío.

A dor de ósos, a artrose, os problemas circulatorios, as infeccións de urina son constantes. Sobre todo a dor de oídos (otite).

Se as percebeiras enferman, non poden traballar.

A dor de oídos é terrible, pero non poden protexelos porque necesitan escoitar o mar.

As mans tamén sofren, hai días que están tan tesas polas inflamacións que non poden apañar percebebes».



Paga a pena arriscar a vida se só gañan para gastos?

Elas din que si que paga a pena. Gústalles porque van xuntas e ademais séntense libres.

Que é o que máis lles gusta do seu traballo?



A liberdade é o que máis valoran todas as percebeiras. Poden ir apañar percebes e mais facer o traballo da casa, coidar dos fillos e dos pais.



“É un traballo duro por camiños difíciles, pedras enormes e perigosas, pero desfrutan da paisaxe e do mar.



Están rodeadas de natureza.

Non teñen xefe ou xefa. Mandan elas. Se queren ir van, e se non queren ir, non van.

Texto traducido e adaptado de *La Voz de Galicia*

NON ESCRIBAS
NESTA PÁXINA

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

